

“GALEGO PODE SELO
CALQUERA”



gARIBAS
fotografia

"GALEGO PODE SELO CALQUERA"

ALBERTE MONTES, o actor

Alberte é actor, guionista, director, locutor... e di a súa nai que non fai nada. Formouse como actor no **Estudi Nancy Tuñón** i **Jordi Oliver** de Barcelona ao tempo que ampliaba os seus recursos actorais en distintos cursos de expresión corporal, voz, clown ou loita escénica.

Conta con experiencia en teatro profesional, infantil e de rúa. Traballou en compañías como **Furafollas** ou **Teatre Obligatori** e a nivel individual representou espectáculos en varios teatros de Barcelona como **Teatreneu** ou **Teatre Llantiol**.

Ten colaborado en programas televisivos da produtora **El Terrat** como *Salvados*, *Buenas noches y Buenafuente* ou *En el Aire* e noutros da **Televisión de Galicia** como *A Solaina*, *Tourilandia*, *Land Rober* ou *Luar*.

No que respecta ao eido audiovisual traballou en 2016 na ficción televisiva para a canle autonómica galega, *"Augasquentes"* e no 2018 na exitosa *"Fariña"*, producida por **Atresmedia** para Antena 3, na que lle deu vida ao narco arrepenrido Manuel Padín. No 2019 formou parte do elenco de *"Do dereito de do revés"*, unha serie que produciu Think First para a TVG.

Do 2016 ao 2019 foi colaborador habitual nos programas *"Los lunes al Gol"* (os luns) e *"Los Infiltrados"* (de luns a venres) na canle temática de deportes **GOL**.

En radio, con experiencia de moitos anos, foi colaborador no programa *"La Ventana"* da **cadena SER** -durante os meses de xullo e agosto dos anos 2019 e 2020- e en publicidade participou anos atrás en varias campañas para a entidade **ABANCA** e para a empresa **MAHOU**.

XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ MONTES

HERMANAGER PRODUCCIÓN

Experiencia na produción e distribución de espectáculos de pequeno formato dende o ano 2012. Traxectoria contrastada e participación en eventos de ámbito privado e tamén público, traballando neste caso para diferentes administracións (Concellos, Deputacións e Xunta).

A nivel da Xunta levamos anos participando en diferentes **Ciclos culturais impulsados polo AGADIC** (Redes de Teatros e Auditorios, Cultura no Camiño, etc).

CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO

Este espectáculo en formato monólogo é integramente en galego, achegando ademais fraseoloxía e aspectos socioculturais do xeito de ser dos galegos/as cos que calquera que o vexa se pode ver representado/a.

Non se emprega unha linguaxe sexista e respéctanse valores como a igualdade, a solidariedade e a aceptación da diversidade.

Así mesmo, dáselle importancia á identidade, destacando esa particular personalidade que nos identifica como pobo co obxectivo de potenciar o orgullo polo noso, fundamentalmente a lingua e o xeito de sermos.

SINOPSE

Ser galego é doado? Depende.

Os galegos temos un xeito de ser característico e diferenciado doutros pobos e culturas que nos rodean. Historicamente teñen empregado os tópicos para ridiculizarnos e mofarse de nós, feito que explicaría en parte que arrastremos algo de auto xenreira. Eses tempos foron pasando e agora xa somos quen de defendernos con orgullo dese estigma combatendo aos ignorantes, ríndonos dos propios defectos e chufando das nosas diferenzas.

Ata non hai moito pensábase que a baixa auto estima dos galegos era crónica pero Alberte Montes demostráranos dende o humor que non é así. Este mal ten cura e poderedes comprobalo. Ser galego non é só pararse na escaleira e facer crer á xente que non sabemos se subimos ou baixamos, para ser galego hai que reunir moitas máis aptitudes.

ASPECTOS TÉCNICOS

Duración

80-90 m

Necesidades técnicas

Luz estándar para espectáculo teatral unipersonal e equipo de son básico coa potencia axeitada para o espazo escénico.

IDEAL: micro de diadema (se non inalámbrico).

Tarima ou escenario duns 4 metros cadrados aproximadamente.

Guión:

© Xosé Manuel Fernández & Alberte Montes



HERMANAGER PRODUCCIONES

Tel. 657014555 (Xosé Manuel Fernández)

hermanagerproducciones@gmail.com

xosemanuel@hermanagerproducciones.com